

A peonalización da rúa Ángel Senra foi, no seu día (comezos de 2003), un dos avances de maior impacto socioeconómico no barrio dos Mallos. Así e todo, o proxecto sempre semellou máis ben unha "proba piloto", sen planexamento rigoroso nin afán de sustentabilidade, para despois desenvolver peonalizacións noutros barrios da cidade, con moita maior seriedade e fundamentos técnicos (A Gaiteira, Beiramar...). En 2009 sufriu unha "remodelación" que afondou aínda máis na falta de previsión e criterio arquitectónico. O resultado é unha vía peonil que hoxe en día presenta serias deficiencias, nomeadamente:

1. **Imposibilidade de converterse nunha auténtica vía peonil**, pola **presenza de tráfico rodado** en todos os tramos da rúa. Os sinais que impiden virar desde calquera das rúas que a cortan (Menéndez Pidal, Ángel del Castillo, Capitán Juan Varela, Francisco Catoira e Oidor Gregorio Tovar) nunca foron atendidos e a presenza policial (en contadísimas ocasión no ano) é ineficaz. Os automóviles atallan pola peonil, sen lles importar que haxa xente camiñando por esta.
2. **Ausencia de criterio arquitectónico e falta de calidade dos materiais de construción**. A rúa carece dun deseño atractivo e dunha "continuidade" urbanística que a dote de verdadeiro atractivo e que a consolide como motor económico desta parte do barrio. A recente obra nas inmediacións da rúa e da praciña de San Vicente (aínda na fase final de execución nestes días) vai acentuar, polo que xa se percibe, a sensación de "parche" que ofrece toda a contorna. Ademais, o nulo criterio á hora de escoller árbores adecuadas (o que se pode facer extensíbel ás laranxeiras (?) da rúa Oidor Gregorio Tovar) e que presenten unha lóxica de conxunto, impide que a humanización da rúa sexa visíbel e decente para os tempos que corren.
3. **Equipamento deficiente, deteriorado e desorganizado**. O mobiliario con que conta a rúa neste momento, renovado con nulo criterio de comodidade e efectividade non hai tanto tempo, encóntrase nun estado lamentábel de deterioración. Ademais, non presenta un criterio lóxico (houbo unha fonte que desapareceu, consérvanse dous caldeiros do lixo minúsculo a unha distancia excesiva, os bancos non se sitúan preto das árbores para poder desfrutar da súa sombra no verán, un colector de pilas usadas está practicamente para caer...).
4. **Organización caótica e intrusiva do mobiliario dos locais de hostalaría**. Non hai demasiados locais de hostalaría que se sitúen xustamente en Ángel Senra, mais a meirande parte deles (sobre todo no tramo que vai desde Oidor Gregorio Tovar a San Vicente) ocupa espazos na rúa de maneira descontrolada e mesmo abusiva. A sensación é, xa que logo, de "ti vai facendo". O resultado: masificación de terrazas e "galpóns" en certos tramos, que ofrecen unha sensación de amoreamento arrabaldeiro.

Cal é a proposta, daquela?

1. **Reurbanizar a vía peonil**, desde criterios humanizadores, para **evitar que se poida transcorrer cos vehículos entre rúas perpendiculares, atravesando a peonil desde calquera das rúas adxacentes**. Isto implicaría un único tramo onde se debería ter en conta a presenza de dous garaxes: entre Oidor Gregorio Tovar e San Vicente. O teórico problema de acceso poderíase solucionar doadamente, por exemplo, facendo entrar e saír os vehículos por unha única rúa.
2. **Humanizar a contorna**, optando por un **mobiliario** e unhas **especies arbóreas adecuados**, desde unha planificación rigorosa que teña en conta os condicionantes da rúa e a realidade do barrio. Para reactivar a vida da vía, suxerimos a colocación de **instalacións artísticas** de tipo escultórico, fontes etc. e, de ser o caso, estudar a posibilidade (xunto da asociación de comerciantes e a de veciños) de **reservar algún espazo permanente** para realizar actividades comerciais (feiróns, actividades gastronómicas, concertos, parques de xogos etc.) cunhas instalacións axeitadas e modernas (e non con eses horribéis chabolos plásticos que se montan habitualmente).